

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REFORMA E HUMANIZACIÓN DA RÚA DO CONVENTO

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 16 de setembro de 2020

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Decreto 308/2003 polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia recolle entre estas a PO-220 que transcorre polo termo municipal de Cuntis. Ao seu paso polo casco urbano da vila, encarreira a rúa do Convento durante pouco máis de 400 m ata a confluír coa rúa Bernardo Sagasta.



A rúa do Convento é un dos accesos principais ao centro da vila. Nela localizácmos, entre outros, o Convento de San Bieito, polo que esta zona é frecuentemente transitada por peóns. Tamén presenta conexión cun dos accesos ao centro de saúde e o Parque do Castro. As beirarrúas presentan un estado moi deficiente e conta con puntos concretos, como as inmediacións do antigo cine, que se atopan nunha situación notablemente deteriorada. O arranxo e humanización desta rúa, constituída como se sinalaba anteriormente polo treito urbano da estrada autonómica PO-220, é unha das demandas

máis reiteradas dos veciños e veciñas de Cuntis, especialmente polos/as residentes naquela zona, que padecen acotío as deficiencias e o mal estado no que se atopa.

Cúmprese neste setembro exactamente 4 anos dende que se anunciara nos medios de comunicación o acordo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cuntis para 'arranxar' as beirarrúas e demais carencias deste vial. No ano 2017 publicábase o compromiso para a elaboración dun convenio que permitise acometer as reformas necesarias. Catro anos despois, nada se volveu saber de dito convenio e seguimos padecendo as consecuencias dun deterioro que vai a máis co paso do tempo.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a acometer as obras necesarias para a reforma e humanización da estrada PO-220, cando menos no treito urbano da rúa do Convento, mediante o procedemento máis adecuado en función das necesidades que tecnicamente se valoren.
2. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.